



INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO. XUNTA DE GALICIA

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA PARA MOZOS/AS MENORES DE 35 ANOS (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO VI435A)

Persoas beneficiarias

1. Persoas físicas maiores de idade e menores de 35 anos, de nacionalidade española ou estranxeiros/as con residencia legal.
2. Que a unidade de convivencia non supere as 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Este límite é superior para circunstancias especiais (familia numerosa, discapacidade, etc.). Os datos fiscais que se terán en conta nesta convocatoria para a concesión das axudas corresponderán ao exercicio económico 2019. Para a valoración das solicitudes utilizarase o valor do IPREM dese mesmo ano.
3. Ter subscrito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 un contrato privado ou, de ser o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda, localizada nun concello pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de menos de 5.000 habitantes.
4. O prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, será igual ou inferior a cen mil euros e deberá tratarse dunha vivenda xa construída.
5. Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de dispor de escritura pública de compravenda formalizada con anterioridade á data da presentación da correspondente solicitude.
6. Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español, agás que non podan dispoñer dela por causa xustificada (separación, divorcio, innacesibilidade ou por outra causa allea á súa vontade).
8. Que nin á persoa solicitante nin ás demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia se lles teña revogado ou fosen obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda prevista neste ou no anterior Plan estatal de vivenda, por incumprimento ou causa imputable a aquelas.

Prazo de presentación de solicitudes

Desde o día 03 de febreiro ata o 01 de setembro de 2021, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario.

Presentación da solicitude

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Tamén poderán presentarse presencialmente por calquera dos medios establecidos noo procedemento administrativo común das administracións públicas.